



RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Concello de Arbo

BASE XURÍDICA

Artigo 6. 1. b) RXP. O tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación a pedimento de este de medidas precontractuais.

Artigo 6. 1. c) RXP. O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

FINS DO TRATAMENTO

Xestión da contratación pública, garantindo o cumprimento dos principios de libre acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, asegurando a eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos. Control de cualificación e capacidade dos candidatos. Control das incidencias que se produzan durante a execución dos contratos ata a súa total extinción. Fiscalización e control contractual.

COLECTIVO

Licitadores, adxudicatarios, contratistas ou concesionarios, representantes legais, empregados ou operarios candidatos ou partícipes na execución do obxecto do contrato.

CATEGORÍAS DE DATOS

Datos de categoría especial: Saúde (Diversidade funcional).

Carácter identificativo: Nome e apelidos, NIF, número da seguridade social, enderezo (postal ou electrónico), teléfono (fixo ou móbil), firma, sinatura electrónica.

Características persoais: Idade, datos de familia, sexo, data de nacemento, nacionalidade, lugar de nacemento.

Académicos e profesionais: Formación, titulacións, historial de estudante, experiencia profesional, pertenza a colexios ou asociacións profesionais.

Detalles do emprego: Corpo/escala, categoría/grao, postos de traballo, datos non económicos de nómina, historial do traballador.

Datos económico-financeiros e de seguros: Ingresos, rendas, investimentos, bens patrimoniais, datos bancarios.

Datos de transaccións: Bens e servizos fornecidos polo afectado, bens e servizos recibidos polo afectado, transaccións financeiras, compensacións e indemnizacións.

CATEGORÍAS DE DESTINATARIOS

Administracións públicas, Facenda Pública e Administración Tributaria, Tribunal de Contas e Órganos xudiciais.

TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS

Non están previstas transferencias internacionais.

PRAZO SUPRESIÓN

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS DE SEGURIDADE

As medidas de seguridade implantadas correspóndense coas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.